



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias maio 2020**

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de maio do ano 2020 acadou a cifra de 976.374 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de abril de 2020 de 1.603 afiliacións (0,16%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.556.129, rexistrando unha subida do 0,53% con respecto ao pasado mes de abril.

Na comparativa interanual (maio de 2020 con maio de 2019) obsérvase unha diminución de 42.032 afiliacións no total do sistema en Galicia (-4,13%) e unha diminución do 4,56% (885.984 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en trece comunidades autónomas, destacando principalmente Illes Balears (5,70%). En senso contrario, atopamos taxas negativas en Madrid, País Vasco, Asturias e Canarias (todas por riba do -1,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en todas as comunidades autónomas. O descenso máis acusado é o de Illes Balears (-12,62%), mentres que Navarra é a comunidade que menos descende (-2,27%).


Quadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.556.129</b>	<b>97.462</b>	<b>0,53</b>	<b>-885.984</b>	<b>-4,56</b>
<b>Galicia</b>	<b>976.374</b>	<b>1.603</b>	<b>0,16</b>	<b>-42.032</b>	<b>-4,13</b>
Andalucía	2.991.865	30.406	1,03	-193.847	-6,08
Aragón	564.342	9.866	1,78	-18.503	-3,17
Asturias	350.611	-386	-0,11	-16.310	-4,45
Illes Balears	487.140	26.290	5,70	-70.329	-12,62
Canarias	758.715	-631	-0,08	-50.929	-6,29
Cantabria	209.550	1.194	0,57	-8.637	-3,96
Castilla La Mancha	684.346	10.109	1,50	-19.839	-2,82
Castilla y León	884.861	446	0,05	-36.789	-3,99
Cataluña	3.314.569	4.622	0,14	-165.278	-4,75
Comunitat Valenciana	1.828.319	3.684	0,20	-91.102	-4,75
Extremadura	382.002	6.855	1,83	-18.719	-4,67
Madrid	3.133.484	-7.060	-0,22	-101.343	-3,13
Murcia	588.329	10.927	1,89	-16.425	-2,72
Navarra	282.577	395	0,14	-6.551	-2,27
País Vasco	946.886	-2.084	-0,22	-22.401	-2,31
La Rioja	127.456	2.235	1,78	-3.896	-2,97
Ceuta e Melilla	44.704	-1.010	-2,21	-3.056	-6,40

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de abril de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -4,37%, o que supón 19.109 afiliacións menos, seguida de Pontevedra (-4,09%), Lugo (-3,97%) e, por último, Ourense (-3,41%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril de 2020, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,16%. Pontevedra amosa o dato máis positivo (0,61%), producíndose a maior baixada en A Coruña (-0,11%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	418.175	-462	-0,11	-19.109	-4,37
LUGO	118.353	-114	-0,10	-4.889	-3,97
OURENSE	99.085	96	0,10	-3.496	-3,41
PONTEVEDRA	340.760	2.083	0,61	-14.539	-4,09
<b>GALICIA</b>	<b>976.374</b>	<b>1.603</b>	<b>0,16</b>	<b>-42.032</b>	<b>-4,13</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.556.129</b>	<b>97.462</b>	<b>0,53</b>	<b>-885.984</b>	<b>-4,56</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,8% das afiliacións galegas en maio de 2020, aumentaron un 0,19% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 4,72%. En España estas taxas foron do 0,57% con respecto a abril de 2020 e do -5,13% en relación ao mes de maio de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -2,07%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2020, soben Pontevedra e A Coruña, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,06%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual (-1,74%), e unha subida intermensual (0,30%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a maio de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, agás A Coruña, destacando a que se produce en Pontevedra (-3,39%). A taxa galega sitúase entón no -2,40%, superior á de España (-5,12%). Con respecto a abril de 2020, a única taxa positiva atopámola en Pontevedra (0,69%), mentres que Lugo presenta a taxa máis negativa (-2,07%). A taxa galega amosa un aumento do 0,17% con respecto a abril de 2020. A taxa nacional é do 1,08%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MAIO 2020	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	418.175	-0,11	-4,37
LUGO	118.353	-0,10	-3,97
OURENSE	99.085	0,10	-3,41
PONTEVEDRA	340.760	0,61	-4,09
GALICIA	976.374	0,16	-4,13
ESPAÑA	18.556.129	0,53	-4,56
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	328.681	-0,14	-4,99
LUGO	83.526	-0,08	-4,58
OURENSE	75.830	0,14	-3,68
PONTEVEDRA	261.725	0,72	-4,74
GALICIA	749.762	0,19	-4,72
ESPAÑA	15.272.073	0,57	-5,13
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.877	0,02	-2,16
LUGO	33.333	-0,04	-2,47
OURENSE	23.255	-0,04	-2,51
PONTEVEDRA	66.068	0,19	-1,58
GALICIA	206.533	0,06	-2,07
ESPAÑA	3.220.907	0,30	-1,74
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.617	-0,40	0,00
LUGO	1.494	-2,07	-2,63
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.967	0,69	-3,39
GALICIA	20.078	0,17	-2,40
ESPAÑA	61.944	1,08	-5,12

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 5.- ERTE forza maior

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados medios de maio en Galicia, houbo 149.395 que estaban protexidos, por unha situación de suspensión total ou parcial, por Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE). Dentro deles, 132.040 atopábanse en situación de ERTE por forza maior. Por provincias, os afectados por ERTE de forza maior, repártense do seguinte xeito: A Coruña (56.433), Lugo (12.689), Ourense (13.310) e Pontevedra (49.608).

### Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>